





**«ÉGLOGA DE BELMIRO  
E BENIGNO»**

DE  
NICOMEDES PASTOR DÍAZ



**NOTAS PARA UNHA EDICIÓN CRÍTICA**

POR  
XOSÉ M.<sup>a</sup> ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



**FACSIMILE DO MANUSCRITO AUTÓGRAFO**

**ISBN**

**978-84-96530-59-1**

**DEPÓSITO LEGAL**

**C-1395-2008**




**LIMIAR**  
**POR**  
**RAMÓN VILLARES**


Presidente do  
Consello da Cultura Galega







A celebración do Día das Letras Galegas é unha ocasión ideal para reparar na vida e obra dos nosos devanceiros, segundo a escolla que cada ano efectúa a Real Academia Galega  Hogano, como é sabido, a RAG acordou dedicar esta efeméride a Xosé María Álvarez Blázquez (Vigo, 1915-1985), unha das voces máis representativas da cultura literaria galega da segunda metade do século pasado e, máis particularmente, durante os adversos tempos da ditadura franquista  Nado no seo dunha estirpe de gran presenza no seo da cultura galega desde o último terzo do século XIX, a obra de X. M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez foi fecunda en moitos campos, desde o da propia creación poética ata o seu labor de erudición literaria, de historiador e de editor 

Con este cartafol que agora presentamos, o Consello da Cultura Galega quere retomar o feito de publicacións conmemorativas do Día das Letras Galegas que hai xa uns anos ideara Xosé F. Filgueira Valverde, na súa sazón de Presidente desta institución  No ronsel daquela colección, que acolleu obras de figuras como Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey, Eduardo Blanco-Amor, Luís Seoane ou Rafael Dieste, volta navegar unha nova nao que ten

como nome o de X. M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez 🍷 Nas súas adegas viaxan unha peza poética que pertence a un dos grandes precursores do Rexurdimento e un texto erudito que é obra persoal do propio homenaxeado nas Letras Galegas deste ano 🍷

A escolla destes textos veu aconsellada tanto pola oportunidade como pola súa singularidade, porque permiten facer unha achega complementaria nunha ocasión en que inzan as publicacións derredor deste autor 🍷 A produción poética de X. M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez constitúe a faceta xustamente máis recoñecida da súa obra e, por tanto, tamén debe ser a máis subliñada neste seu ano das Letras Galegas 🍷 Pola contra, son menos coñecidas as súas importantísimas facetas como editor e como erudito, que son as que queremos celebrar coa presente publicación 🍷

Canto ao seu labor de editor, cómpre lembrar o selo editorial de Edicións Monterrey, que foi moi activo na década dos cincuenta 🍷 Esta editorial, fundada en Vigo de parcería por X. M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez e por Luís Viñas Cortegoso, estreouse en 1951 coa publicación dunha edición, nun fermoso libro ilustrado polo pontevedrés Xosé Sesto, das *Poesías galegas* de Nicomedes Pastor Díaz, ao que pertence o texto poético que aquí se publica de novo 🍷 Alén do selo



Monterrey, X. M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez ten no seu haber unha segunda iniciativa editorial, como foi Editorial Castrelos, que durante as décadas dos sesenta e setenta desenvolveu un impagable labor de divulgación da cultura galega ¶ A colección «O Moucho», na que se publicaron textos tan emblemáticos como *O Catecismo do Labrego*, de V. Lamas Carvajal, constitúe un dos grandes fitos da historia editorial da Galicia contemporánea ¶

No tocante á faceta erudita do noso autor, salientan as súas pescudas, descubertas e edicións de textos en galego do período coñecido na historiografía filolóxica galega como o dos «séculos escuros» e, tamén, contributos esenciais sobre a época do pre-Rexurdimento decimonónico ¶ Canto aos primeiros, sirvan de testemuño os textos incluídos na súa *Escolma da poesía galega*, publicada en varios volumes pola editorial Galaxia ¶ Canto aos segundos, seguramente a descuberta máis notable foi o manuscrito da «Égloga de Belmiro e Benigno», de quen o propio Álvarez Blázquez esclareceu a autoría, atribuíndolla a Nicomedes Pastor Díaz (Viveiro, 1811-Madrid, 1863) ¶

Esta peza poética, publicada por vez primeira no libro xa mencionado das *Poesías galegas* de N. Pastor Díaz, procede dun manuscrito atopado polo propio

Álvarez Blázquez («revolvendo un mazo de antergos manuscritos poéticos», confesa no proemio da edición de 1951) e que actualmente obra na Fundación Penzol ¶ Trátase dun manuscrito autógrafo, non asinado, que debeu ser escrito entre 1826 e 1828, probablemente durante a estadia do autor en Santiago de Compostela e, de acordo con R. Carballo Calero, antes do poema auroral do romanticismo galego como foi «A Alborada» ¶ Ambas as composicións foron primeiramente editadas por X. M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez cunha breve nota introdutoria ¶ Posteriormente a «Égloga» foi obxecto dun atinado estudo, que veu a lume nas páxinas da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, en 1963 ¶ Un e outro texto compoñen os contidos do cartafol que agora publica o Consello da Cultura Galega, coa particularidade de ofertar unha versión en galego do artigo que orixinalmente veu a lume en castelán, nas páxinas da revista do Instituto «Padre Sarmiento» de Estudos Galegos ¶

A «Égloga» e a «Alborada» constitúen dúas pezas singulares do pre-Rexurdimento galego, tanto pola súa calidade literaria como polas circunstancias da súa redacción ¶ Foron escritas nunha altura histórica na que o cultivo da nosa lingua nas letras cultas practicamente aínda non se estreara (o que pode

explicar o feito de que quedasen inéditas), por parte dun autor como o viveirense Pastor Díaz, que posteriormente chegaría a ser moi relevante tanto pola súa contribución ás Belas Letras coma, sobre todo, pola súa relevancia na sociedade e na política españolas do seu tempo ¶ Alén de autor de obras moi chufadas no seu día, como *De Villahermosa a la China*, Pastor Díaz tivo unha intensa vida política como deputado, reitor de universidade, ministro e representante diplomático ante o Reino de Italia na súa primeira versión piemontesa, alén de ser un importante teórico doutrinal do moderantismo español, na súa versión «puritana», nos tempos de Isabel II ¶

As figuras de Pastor Díaz e de Álvarez Blázquez, anoadas de forma estreita desde 1951, reforzan agora a súa irmandade literaria e erudita con esta edición que xunta por vez primeira estes dous textos ¶ Algo en común teñen certamente os dous autores ¶ O autor da «Égloga» tivo a virtude de labrar unha lingua popular con ferramentas cultas temperadas por unha sólida formación adquirida no seminario de Mondoñedo e nos patios do Colexio de Fonseca en Compostela, pero carente naquela época de precedentes no seu cultivo literario ¶ O autor do achado e do estudo crítico, movido polo «anceio de esculcar» libros, manus-

critos e papeis vellos, foi quen de recuperar para a cultura galega, en tempos difíciles como os que lle tocou vivir, doas esenciais para a cadea da tradición literaria galega. A celebración do Día das Letras Galegas fixo de casamenteira.

A edición destes textos de Pastor Díaz e de Álvarez Blázquez beneficiase, ademais, da incorporación facsimilar do manuscrito que manexara no seu día o erudito vigués. E todo isto foi posible mediante a axuda de varias persoas que contribuíron xenerosamente, como foron Xosé María Álvarez Cáccamo, fillo do homenaxeado, Eduardo Pardo de Guevara, Director do Instituto «Padre Sarmiento» e da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, e Francisco Fernández del Riego, Director da Fundación Penzol. A descuberta do manuscrito da «Égloga» tivo lugar no marco do proxecto que se está a desenvolver neste Consello sobre os textos literarios en galego anteriores ao Rexurdimento, que moi logo serán tamén publicados baixo o xenérico rubro de *Papés d'emprenta condenada*. Con todos eles fica recoñecida esta institución.

*Ramón Villares*

Presidente do Consello da Cultura Galega

**NOTAS PARA UNHA EDICIÓN  
CRÍTICA DA ÉGLOGA**

**«BELMIRO E BENIGNO»,**

**DE PASTOR DÍAZ**



**POR**

**XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ**

*Cuadernos de Estudios Gallegos,*  
fascículo LVI, ano 1963, pp. 347-356



NOTAS PARA UNHA EDICIÓN CRÍTICA  
DA ÉGLOGA «BELMIRO E BENIGNO»,  
DE PASTOR DÍAZ

Cando no ano 1951 dei ao prelo a égloga de Nicomedes Pastor Díaz titulada «Belmiro e Benigno»<sup>1</sup> poucas semanas despois de descubrir o seu manuscrito, non realicei sobre o texto o detido estudo que talvez a sazón non aconsellase, pois máis me preocupaba naqueles momentos a cuestión primordial da súa paternidade, dado que a composición carece de sinatura. A atribución por min postulada —que xa daquela apoiei co testemuño doutros pareceres autorizados, de historiadores e críticos da nosa literatura aos que por escrito lles consulte— foi unanimemente aceptada, sen reparo que eu coñeza, por todos cantos se teñen referido despois á, ata entón descoñecida, composición de Pastor Díaz<sup>2</sup>. Alcanzado, pois, o intento principal de lle incorporar á historia da lírica galega, no instante mesmo do seu auroal renacer, unha obra máis do notable poeta viveirense, talvez

---

1. NICOMEDES PASTOR DÍAZ, *Poesías Galegas: Égloga de Belmiro e Benigno. A alborada*. Limiar [edición e notas] de X. M. Álvarez Blázquez, Vigo, Eds. Monterrey, 1951.

2. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO, *Historia de la Literatura Gallega*, pp. 62-64, Vigo, Ed. Galaxia, 1951. ANTONIO COUCEIRO FREIJOMIL, *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*, I, p. 851, Santiago de Compostela, Ed. de Bibliófilos Gallegos, 1951. BENITO VARELA JÁCOME, *Poetas Gallegos (Las mejores poesías)*, p. 113, Santiago de Compostela, Porto y Cia., 1953. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO, *Escolma de Poesía Galega. III. O século XIX*, pp. 15-20, Vigo, Ed. Galaxia, 1957. RICARDO CARBALLO CALERO, *Historia da Literatura Galega Contemporánea I*, pp. 46-49, Vigo, Ed. Galaxia, 1963. (Listanse só textos incluídos no volume.)

sexa agora o momento de volver con certo vagar sobre o seu aspecto formal, con máis razón canto que un crítico de tan penetrante e fina sensibilidade como Ricardo Carballo Calero lles engadiu ás miñas algunhas observacións sobre diversas irregularidades da égloga<sup>3</sup>.

Dicía eu, no estudo preliminar á edición, que o manuscrito ten todas as trazas de ser autógrafo de Pastor Díaz, mercé ao cotexo que entón puideren facer con outros escritos indubidablemente saídos da súa man, ben que de época máis tardía. Sen ser eu perito en tan difícil materia, esta idea inicial veuse afianzando en min a medida que me foi posible realizar novas confrontacións. Certo é que este aspecto problemático carece dun interese fundamental canto á paternidade, xa sobradamente demostrada, do poema, mais segue a ser interesante para os efectos de aclarar as devanditas anomalías formais. Por iso pregunta, con razón, Carballo Calero: «Que debemos pensar dun texto así? É un texto embrionario ou un texto corrupto?». A seguir manifesta: «Non se pode, realmente, decidir se se trata dunha copia singularmente descoidada ou dun borrador, dun bosquexo sen perfilar no cal o autor, premido polo seu desexo de trazar o esquema xeral, salta provisionalmente por riba das dificultades técnicas, expresando o seu pensamento ás veces en versos faltos de medida, mal acentuados ou mal rimados, co propósito de realizar un labor de lima cando o bosquexo xeral quede trazado. Mais certas confusións de palabras non parecen propias dun texto orixinal, é dicir, do texto primitivo en que o autor vai vertendo as súas ideas. Quizais o texto descuberto por Álvarez Blázquez sexa unha copia imperfecta dun borrador embrionario»<sup>4</sup>.

---

3. *Op. cit.*, pp. 47-48.

4. *Op. cit.*, pp. 48-49.



Con aguda sutileza, Carballo Calero foi examinando, en poucas palabras, as diversas posibilidades que o manuscrito ofrece. Algunha das súas suxestións cadraría igual se se tratase dunha man allea á do autor, é dicir, se o poema orixinal de Pastor Díaz fose copiado por outra persoa. Mais algo non encaixaría ben neste caso: a existencia de varias riscadas e emendas, algunhas das cales só parece lóxico atribuírle ao mesmo autor. Así, por exemplo, o verso 5 da estrofa 8ª, *o río en que pescabas*, ofrece unha dupla versión: *donde*, no canto de *en que*, estando riscada a primeira forma en preferencia da segunda. Quizais o autor quixo corrixir a forma primitiva, segundo copiaba a súa égloga, e reparou despois en que *donde* crebaba a medida do verso e riscou esa palabra para retornar á redacción orixinal.

Menos ilustrativa é outra corrección que ten lugar no verso 2ª da estrofa 15, *e eu consolando as tuas rudas penas*, onde *rudas* aparece en substitución de *dudas*, riscado. E, en fin, da mesma orde é unha corrección de *Benigno* por *Belmiro* que se produce no verso 1 da estrofa 9ª e que se explica facilmente en calquera dos supostos, tanto se a copia é da man do autor coma se é doutra persoa, dado que eses dous nomes, de eufonía similar e repetidamente transcritos ao longo do texto, se prestaban á confusión.

Debo aclarar que na miña edición da égloga non tiveron o cuidado de anotar estas particularidades do manuscrito e que ata agora, perante as atinadas observacións de Carballo Calero, non me decatara de que sería acertado rexistralas. En especial a primeira emenda que arriba indico presta bastante luz para nos axudar a discernir quen puido ser o autor da copia.

Porque o que non ten dúbida é que, en efecto, se trata dunha copia —unha copia apresurada— e non do orixinal, máis ou menos embrionario. Un simple detalle abonda para demostralo:

o salto da vista sufrido polo copista ao transcribir os primeiros versos da estrofa 13<sup>a</sup>, que din textualmente:

*Todo alegría entonces no meu alborozo  
Eu non previña, non ó pesar duro  
Pero ¡ay! seu manto oscuro...*

Esta estrofa contén soamente doce versos, no canto dos catorce de que constan as demais, e é evidente que o escriba saltou o final do verso 1 e o comezo do 8, ligando visualmente o principio daquel coa terminación deste. De tal forma, a estrofa, no seu estado actual, admitiría esta disposición:

*Todo alegría entonces...*  
.....  
..... *no meu alborozo.*

*Eu non previña, non, o pesar duro,  
Pero, ¡ay!, seu manto oscuro...*

Resulta, en consecuencia, inverosímil que o manuscrito constituía un «borrador, un bosquexo sen perfilar», como apunta Carballo Calero entre as posibles solucións. En ningún borrador nin bosquexo se podería dar este caso, con perda de dous versos e co primeiro da estrofa non só incongruente, senón tamén torpísimamente medido. A única explicación posible, sen dúbida ningunha, é que se trata dunha copia, cuxo apresuramento xa empezamos a advertir.

Demarcado así o terreo, coido que as dúbidas que suscita o estado actual da égloga se deben simplificar, admitindo en primeiro lugar que o manuscrito por min descuberto é un traslado des-

coidado dun orixinal perdido e, en segundo lugar, que o copista sería o propio autor, conforme xa apuntei no estudo preliminar á edición da égloga de Pastor Díaz, dicindo que «o manuscrito parece copia feita con pouca detención, como destinada a algún compañeiro de estudos, que se contaría entre o gran “número de persoas que, por afección, por curiosidade ou por cortesía me piden copias dos meus versos”<sup>5</sup>, segundo palabras do propio autor»<sup>6</sup>.

Confirman esta sospeita todas as equivocacións que contén o manuscrito, algunhas das riscadelas, a eliminación de dous versos e incluso a confusión de palabras, como no caso que tan xuzosamente denuncia Carballo Calero ao sospeitar que, no penúltimo verso da égloga, a palabra *campo* está errada por *canto* ('recanto' ou 'curruncho'), que sería voz máis apropiada para expresar a idea de illamento proposta polo poeta e tecnicamente xusta para rimar con *tanto*. Este simple detalle proba, ao meu ver, o descoido con que se fixo a copia. Precipitación, por outro lado, que xustifica a propia xuvenil fogosidade do autor, quizais mediatizado naqueles momentos polo afán do estudo ou —quen sabe!— ansioso por pasear placidamente baixo as sonoras arcaidas dos soportais composteláns.

Imponse, xa que logo, unha minuciosa revisión do manuscrito e a conseguente anotación dos seus erros de copia para facilitar a futura edición crítica da égloga «Belmiro e Benigno». As presentes liñas cumpren ese intento, ao que moito contribuíron as observacións plasmadas por Carballo Calero nas páxinas da súa meritísima *Historia da literatura galega contemporánea*<sup>7</sup>. Grazas a el quedan xa resoltos algúns dos problemas.

---

5. «Limiar», p. x.

6. PASTOR DÍAZ, prólogo ás súas *Poesías*, 1ª ed., Madrid, 1840.

7. *Op. cit.*, pp. 47-48.

O desexable sería reproducir aquí a composición segundo se presenta no manuscrito e, a carón dela, a versión crítica. Non sendo imprescindible esa solución, porén, heime limitar a rexistrar os versos defectuosos coas correccións pertinentes, remitindo o lector á miña primeira (e ata o de agora única) edición completa da égloga. Cómpre ter en conta ao tal facer que alí se tratou de respectar no posible o orixinal, tal como aparecía, e que só excepcionalmente me adiantei á tarefa que agora me impuxen, isto é, a de restaurar a medida dos versos (hendecasilabos e heptasilabos, cun esquema estrófico moi característico —véxase nota 12, suplir os versos que faltan e propor posibles solucións para as falsas rimas ou as palabras mal transcritas—), prescindindo, non obstante, da ortografía e da puntuación.

Co fin de unificar e darlles carácter definitivo ás miñas notas, repito aquí as que introducín na edición, engadindo outras novas e aproveitando, cando ao meu entender proceda, as observacións de Carballo Calero.

TEXTO DO MANUSCRITO	TEXTO CRÍTICO
<i>Est. 2ª, v. 14:</i> <i>E en semejantes voces se exprecaba</i>	<i>E en semexantes voces se expresaba<sup>8</sup></i>
<i>Est. 4ª, v. 4:</i> <i>Os tragos peises? ¿porque ainda agora</i>	<i>Os tragós peixes? ¿Por qué aínda agora</i>
<i>Vv. 11-12:</i> <i>Perdíme a min tamén pois que peregiche eu a seguirte vou, ne lo me empeño</i>	<i>Perdíme a min tamén; pois peregiche Eu a seguirte vou, n-elo me empeño.</i>

---

8. Respectando os abundantes castelanismos de Pastor Díaz, como este de *semexantes* por *semellantes*, opto pola ortografía fonética modernamente empregada en galego, ben que o propio autor emprega o X case sempre.

Est. 5ª, v. 8:

*Acia él con gran presa un compañeiro*

*Hacia él con gran[de] presa un compañeiro*

Est. 8ª, v. 4:

*Non houbo compreta si é que tu non estabas*

*N-houbo compreta si é que tú n-estabas<sup>9</sup>*

Vv. 13-14:

*Todo a gritos te clama*

*Todo a gritos te chama,*

*Todo Belmiro a tua volta clama*

*Todo, Belmiro, a túa volta clama.*

Est. 9ª, v. 3:

*¿Que importa que na fraga espesa*

*¿Qué [se che] importa que na fraga espesa<sup>10</sup>*

Est. 10ª, v. 14:

*¡Clava! que te detés?... ¡mátame! ¡acaba!...*

*¡Clava! ¿qué te detén?... ¡Mátame!, ¡acaba!...*

Est. 11ª, vv. 4-5-6:

*E logo enfurecido se estancaban*

*E logo, enfurecido, se estancaban*

*O llanto que brotaban*

*As báguas que brotaban*

*Seus ollos cando estaba mais tranquilo.*

*Seus ollos, cando estaba máis tranquilo.*

V. 9:

*E ó amigo de mellor sorte digno*

*E ó amigo, de máis sorte digno<sup>11</sup>*

Est. 12ª, vv. 3-4-5:

*Con pader alleo, aunque pequenas*

*Co pade[cer] alleo, aunque pequenas,*

*Xunta as propias as xuzgase,*

*Xunta as propias [desgracias] as xusgase<sup>12</sup>*

*Que en tamén me lamentase*

*Que eu tamén lamentase<sup>13</sup>.*

9. «Quizais o autor elidía o N final de *non* na pronuncia, aínda que o mantivese na ortografía», observa Carballo Calero (*op. cit.*, p. 47, n. 6). O máis exacto é, emporiso, o que argüímos máis adiante respecto á precipitación da copia realizada polo propio autor.

10. Para comprender a corrección cómpre ter en conta que, no v. 1 desta estrofa, Belmiro rexeita o amigo dicíndolle: *Deixa, Benigno, de aflixirme cesa...* Por conseguinte, *¿Qué se che importa...*

11. Téñase en conta a presenza do hiato, recurso non infrecuente ao longo da égloga.

12. É importante aclarar que o esquema estrófico seguido na égloga é rixido, pois son heptasílabos todos os versos 5, 7 e 13 de cada estrofa; os demais son hendecasilabos, ora comúns, ora sáficos. Este verso defectuoso é, xa que logo, hendecasilabo. Soamente na derradeira estrofa é tamén hendecasilabo o verso 13, quizais

Est. 13ª, vv. 1-4:

*Todo alegría entonces no meu alborozo  
Eu non previña, non, o pesar duro*

*Todo alegría entonces, [todo gozo,  
Era n-aquel vivir ledo e seguro  
Que eu creín eterno] no meu alborozo.  
Eu non previña, non, o pesar duro<sup>14</sup>,*

V. 10:

*Xa non houbo mais pracer pra min na Terra*

*Xa n-houbo máis pracer pra min na Terra<sup>15</sup>*

V. 14:

*Con un compañeiro do meu triste fogo*

*C-un compañeiro do meu triste fogo*

Est. 14ª, vv. 2-3:

*¿Queres que no mundo solo ó triste imite  
E siga tal proceder desesperado?*

*¿Qués que no mundo sólo ó triste imite  
E siga un proceder desesperado?<sup>16</sup>*

V. 14:

*E nunca por mais nos separemos*

*E [xa] nunca por máis nos separemos*

Est. 15ª, v. 1:

*Tu os meus pesares aliviando*

*Tú os meus [tristes] pesares aliviando<sup>17</sup>*

---

por esixencia do estilo sentencioso do pareado final. O esquema xeral, de gran beleza, facilita a restauración do poema grazas á súa matemática rixidez.

13. O verbo *lamentar* ten un valor máis expresivo ca a forma reflexiva, como equivalente a 'proferir lamentos'. Creo que ese é o sentido do que quería expresar o poeta. Tamén é posible, porén, que *lamentase* se una a *chorase*, na mesma oración, con efecto de reforzo, entendéndose daquela: *Estaba polo ceo destinado — que eu tamén lamentase — e chorase a teu lado — a miña mala sorte*. En calquera suposto, a partícula *me* está de máis.

14. Esta restitución que agora postulo difire levemente da que aventurei na miña edición da égloga, «Notas», p. 50. Sobra dicir que esta hipótese é susceptible de revisión, dentro do esquema estrófico sinalado na nota 12.

15. *Vid.* n. 9.

16. Na mesma estrofa, verso 9, escribe Pastor Díaz: *¿Qués que tamén nosoutros nos morramos?*

17. É constante na lírica de Pastor Díaz a adxectivación redundante, da cal nos dá moitos exemplos a propia égloga. Véxase o verso seguinte a este, *E eu consolando as túas rudas penas*. Con toda lóxica, *pesares* reclama o seu propio adxectivo, que podería ser tanto *tristes* coma *fondos*, *graves*, *duros*, etc. Era obrigado na retórica de Pastor Díaz.

V. 10:

*A calma renace de entre os dolores*

*A calma renacé[u] de entre os dolores<sup>18</sup>*

V. 12:

*E as miñas afliccios xa non teñen cura*

*E as miñas afliccíos xa teñen cura*

Est. 16ª, vv. 7-8:

*Xa que solo tu me alegras*

*Xa que só tú me alegras;*

*Leva o sitio donde amistad santa*

*Léva[me] ó sitio donde amistad santa*

Est. 19ª, v. 4:

*Canto nos meus dolores me he querida!*

*¡Cánto, nos meus dolores, me és querida!<sup>19</sup>*

Vv. 13-14:

*¡Homes do mundo, un bon amigo, un campo,*

*¡Homes do mundo, un bon amigo, un canto<sup>20</sup>:*

*He aquí a Felicidad, buscada tanto!*

*He aquí a Felicidad, buscada tanto!*

---

18. O manuscrito presenta un hendecasilabo de acentuación anómala, como advirte Carballo Calero, mais a súa normalización é sinxela: abonda con observar que o verbo debe ir en pretérito, concordando co do verso anterior: *xa se foi a desventura; ... a calma renaceu...*

19. Téñase en conta, para comprender a corrección, que o poeta se vén dirixindo á amizade, personificándoa. En *A alborada* vemos tamén a forma contracta *és por eres*: *¡Canto és así máis linda!*

20. A solución postulada por Carballo Calero (*op. cit.*, p. 48, n. 20) para a falsa rima do manuscrito paréceme perfecta, non só técnica, senón tamén ideoloxicamente. O 'canto' ou 'recanto', o 'recuncho esquecido' onde gozar dos dons da amizade pura constitúe un tema medularmente romántico. O campo, a paisaxe *per se*, como motivo dun culto da natureza, non estaba aínda tan vivo na conciencia poética nacional. É unha descuberta serodia e esencialmente galega. Advirtamos, non obstante, como tamén neste aspecto hai fecundos asomos nas estrofas galegas de Pastor Díaz.

Restan agora por examinar as falsas rimas consonantes, non atribuíbles a erro de copia. Na estrofa 2ª, vv. 2-4-5, advírtese a rima irregular *ruxido-encendidos-adormecidos*. Aínda tratándose dun pecado miúdo, máis desculpable en quen libraba as súas primeiras escaramuzas poéticas, talvez se podería postular a solución *feros ruxidos* no canto de *feróz ruxido*, malia que a acentuación do hendecasilabo non sería daquela tan perfecta.

Na estrofa 8ª, vv. 1-3, outra falsa rima, *cuna-algunha*, ten explicación por influxo do castelán («alguna») latente en tantos poetas galegos, e máis aínda en quen, como Pastor Díaz, iniciaba o cultivo artístico da nosa lingua, sen precedentes para el coñecidos. É curioso que no manuscrito figure a forma *alguha* cando noutros puntos del lemos *unha*, *ningunha*. Talvez Pastor Díaz vacilase canto ao valor fonético da peculiar nasalización galega. No seu poema «A alborada» atopamos a forma *penhas* en rima con *cadena*s.

Nas estrofas 10ª, vv. 1-3, e mais 13ª, vv. 10-11, achamos as falsas consonancias *terra-espera*; na estrofa 17ª, vv. 9-12, *severa-terra*, que realmente se poden cualificar de pequenas incorreccións, moito menos graves ca as que se teñen permitido desde sempre outros rimadores de fachenda.

Máis complexidade ofrece a rima *Benigno-digno-moiño*, dos vv. 8-9-12 da estrofa 11ª. Só cabe supoñer que, por atracción de voces como *signo>siño* e outras similares, o poeta pronunciase *Beniño-diño*, seguindo unha tendencia popularizante. É este un tema suxestivo para os filólogos; queda en pé unha pregunta: por que Pastor Díaz, a quen ninguén lle pode negar un fino oído poético, considera consonantes *Benigno-digno-moiño*?

Resumindo, pois, os erros de copia indicados, advírtese que se encadran en catro categorías diferentes:



Primeira, substitución mecánica dunha ou máis letras: *expresaba* por *expresaba*, *peises* por *peixes*, *detés* por *detén*, *he* por *és*, *campo* por *canto*.

Segunda, eliminación de letras, palabras e mesmo versos enteiros: *gran* por *gran[de]*, *qué importa* por *qué [se che] importa*, *pader* por *pade[cer]*, *leva* por *léva[me]*, versos saltados da estrofa 13<sup>a</sup>, *propias as xuzgase* por *propias [desgracias] as xuzgase*, etc.

Terceira, adición de sílabas ou palabras: *pois (que) pereciche* por *pois pereciche*, *(me) lamentase* por *lamentase*, *xa (non) teñen* por *xa teñen*, *so(lo)* por *só*, etc.

Cuarta, substitución dunhas voces por outras: *clama* por *chama*, *se estancaban o llanto* —con grave falta prosódica— por *se estancaban as báguas*, *mellor* por *máis*, *queres* por *qués*, *tal* por *un*.

Nos tres primeiros casos, os erros pódenselle apoñer a calquera copista pouco coidadoso, é dicir, tanto se se tratase do autor do poema, premido por algunha perentoria atención, coma doutra persoa pouco familiarizada coa súa tarefa. Pero no último caso, substitución dunhas voces por outras, as equivocacións só se lle poden atribuír ao mesmo autor. Quen algunha vez copiase ou transcribise de memoria os propios versos saberá por experiencia como a desexable puntualidade se ve traizoada polo coñecemento previo do contido conceptual. Este coñecemento, do cal se fia a memoria, arrastra o cálamo e con frecuencia causa infidelidades respecto da forma primitiva. Substitúese entón a palabra xusta, a que dá unha rima e unha medida cabais, por outra sinónima que, aínda mantendo a esencia do concepto, estraga a pureza formal do verso. Eses son, precisamente, os casos indicados: *clama* no canto de *chama* (malia que aquí puido tratarse dun salto da vista), *mellor sorte* por *máis sorte*, *queres* por *qués*, *tal proceder* por *un proceder*.

O caso máis ilustrativo e concluínte, así e todo, é o rexistrado na estrofa 13<sup>a</sup>: *se estancaban — o llanto que brotaban — seus ollos* no canto do lóxico *se estancaban — as báguas que brotaban — seus ollos*. Ningún copista que non fose o propio autor podería cometer semellante falta, por moi lixeiramente que realizase o seu labor. Era mester o coñecemento previo da estrofa e do seu contido conceptual para, nun momento de inadvertencia, traducir mecanicamente *as báguas* por *o llanto*, esquecendo o que a prosodia máis elemental esixe. Non é paradoxo ningún que o autor sexa, polo xeral, copista máis infiel das súas obras ca outra persoa calquera. Lonxe diso resulta natural, porque o previo coñecemento do contido, ou incluso da forma, lle traizoa a memoria, absorbida pola idea básica en tanta ou máis medida ca pola simple forma. O copista estraño, polo contrario, atense principalmente a esta última.

En síntese, o manuscrito da égloga *Belmiro e Benigno* de Nicomedes Pastor Díaz é, con toda probabilidade, unha copia precipitada dun orixinal perdido feita polo propio autor. A composición, aínda sendo xuvenil, debe quedar descargada da maior parte dos defectos formais que na miña edición, quizais por un exceso de respecto do texto, se puñan de manifesto. Téndoa por guía, e en vista das anotacións que aquí se consignan, poderá facerse agora unha edición máis pura. A beleza conceptual e intrínseca da égloga, xuntamente coa harmonía da combinación estrófica —lograda con singular maestría— ben merecen unha coidadosa reedición.

*Xosé María Álvarez Blázquez*

Vigo, outubro de 1963

**ÉGLOGA**  
**BELMIRO E BENIGNO**

TEXTO MANUSCRITO



# Eglogas

## Belcino y el Boiegro

1.<sup>o</sup> Ya por detras de montes se escondia  
Y cubo gus da lua en campo de ouro  
De rubarros o' ceo a cubia  
Tambia a' noite e' deo manto mauo  
Entrecaba e' temer  
Y suuo g'adade medio a' ceo  
E' por las espensas  
Ya non cantaban belos poravinos  
Ni obellas belando co' os fillinos  
Ni a' curras de' f'idoiros se escapaban  
Y traballo a' p'anna se libertaban  
Pra volver xunta as suais dos seus reunidos  
E os barros propomto  
Os seus o' reunidos iba cantando.  
2.<sup>o</sup> Oculo loutado en unhas altas praus  
Luz o' mar batia con f'ora r'uido  
Arreudo se l'ua' vir as suas unhas  
Castallandelle a' ollos encandidos  
N'ama'is adormendo  
Belcino labrador se lamentaba  
E os seus g'itos abraza  
Y ceo no' seus males transcurria  
Castallandelle a' aires de' dolores

Que tamen revolucão se aca  
Das nas vagas supposta e' chea  
Xe os seus llos contada os seus d'ouros  
p'a e tanto delirada  
E em mudantes vozes se exprecaba  
2.<sup>o</sup> *ffy!* munda che eu nascera! *ffy* mais d'ouros  
Em mala hora a' l'ur viron os meus ollos  
Dade a meu corpo blinda sepultura  
Tadas que rebentados nos escos llos  
Librame dos embrollos  
Librame das desgraças de esta vida  
Da morte ap'licada  
E mudadame a' minha companheira  
Fugas que combatidas a' rebira  
Fugas queçadas pois que fortes lousa  
Dade por sangue e meu amor repouso  
Eu te com apuro deute a' monteyra  
Pulir minha queda!  
Eu mouro te murey e' t'ens vida.  
L.<sup>o</sup> ; ainda Melanio triste teu alento?  
; Ainda fala, ainda xime, ainda chora?  
; Logo non fui seruo na de sustento  
; E' trago pois! ; porome ainda agora  
; Das da minha patria

Non me queas botar? Alina adorada  
Na mao' netta suanda  
Passar non queas, non, ra mada tute  
D'eu campo, um cabana, gabo, ou leito  
Na o' patria sobra, pois que te mousible,  
Pobrina o' mim' tamen pois que peccable  
Ee a' seguinte vem, ne lo me supete  
Das ondas, ou um texo  
Logo abandonarei furos despozo.  
E...  
Pateo gritos e' vras exalaba  
Fala, e' seu sentimento e' bo' Belinas  
E a' vante a' mais andar e' adelantada  
E' a' mima vras te fora e' sus ritor  
Daba cada suspiro  
Luz e' mais duro a' chorar e' suspiro  
Canto vna que corria  
Vna el con gran presa em compaiteiro  
Luz e' mima, e' vras e' seu sentido  
Aganhada e' pendo con pesteria,  
E' q' os olhos lutame a' cabera  
E a' e' mima luz dos raios de lucero  
Conceio a' Benigno  
Dos seus penhas confidente digno  
6.º Como tanto de alto dum maris

D'un pait' de cube o' n'importe  
Lue p'p'ra' gardar en Pulo f'io  
Lue p'ite aloye' s'olte, e' ainda d'ibante  
Con coraon' assumite  
Et sus' grandes l'ede l'oues abra  
T'oi de aloye' t'oua  
E o' tempo l'eternido o' d'ougo' vende  
D'illante, suspende, as suas cogitac'o'es  
E m'ituno no se con' d'ubra  
V'in p'ov'ille falar, qua' desventura  
Embargaballe a' vn, e' ai d'itende  
As l'ogues que n'ouid'ou  
Et d'ou ten'io n'ouge' a' ab'rat'ou  
pa  
... Lue pas aqui' d'eloc'io, m'eng'ando?  
P'ouge' d'is, en fin, p'ouge' f'ur'iche?  
P'ouge' d'ouache' o' v'ale suas g'ando  
E outas as penas suas f'ou te m'itibe?  
P'ouge' l'oues m'ouid'ou  
D'os seus l'entes amigos, e' consolo  
E os as l'otes olo  
Te v'ouche' a' v'ir? ; que che f'ip'ou  
Na tua d'uche p'at'ou? ; que che d'ou  
Lue te f'io escapar das p'otas suas  
Bra v'as ribayras f'as e' exat'ouant  
D'onde m'oua con' t'io das p'ouid'ou



Vente, Polívio, vente  
Vem consolar a tua triste sorte.  
2.<sup>o</sup> Vente pra casa que te deu a vida  
Vem pra a porta em que tanto trabalhas  
Vente pra os campos donde passa a água  
Não haubo conquista si é que tu não combates  
O rio ~~de~~ em que pescas  
Quando a siiva do septentel era tardinha  
As dobras vias  
Luz contorta com ungo vindimado  
As copidas roquedas que agarras  
Pra fazer os rolos de San Martinho  
Se pra pallas e flocidade siiva  
Fado em mutua teudora sepultado  
Fado a gritos te chama  
Fado Polívio a tua volta chama  
3.<sup>o</sup> Dize ~~Polívio~~ <sup>Polívio</sup>, de q'livime casa  
Polívio saglaon confere acerto,  
Luz imposta que era paga de penas  
Das curas ou seu lauro do convento  
Dize de sua tormento  
As religioes, e o rovel de alma vivia?  
Vive la patria siiva  
Como vingumba p'ceda tem a zorra  
Pois en vingumbid era o siiva p'ceder

Amigo: xa se foi do mundo  
O outro heremita que non ten segundo,  
O donde me hei de ir eu? e mellor non fora  
Que no suor me tirases  
Tu con ese cinto me clavas?  
10.<sup>a</sup> Clava este peito, queira me da teus  
E momeas contento, pois veus  
E mais peccar don que ope me espera  
Das mais peccas do mellor amigo  
Non se mais abriga  
Do dolor mais rabia este meu peito,  
Se a peccar desquita  
Me corpo, este braço, e tua sumpura,  
Librame así <sup>da</sup> de venturas  
E este momento sempre fia logo  
Fie sin compañía, mata este fogo  
Lúa a minha razão de esta loucura.  
Arma... pronta... clava  
Clava! que te detes? quetome! acaba!  
11.<sup>a</sup> Diciendo estas palabras parca  
Luz do teu riso o allo do sabbano  
Chupaba, choraba, e momecia  
E logo suspicando se estantaban  
E lloras que foraban  
Luz ello tanto acaba soua tranquilla.

Das poder sentir  
Eram tamen de compaixão sempre  
E o amigo de melhor sorte rigua  
Censuraba officios; ra contando  
Da ausência del as novas, ra falando  
Da cabana, do tempo, do mar  
Da sua abogac' ables  
Caloraba de aquil animo a' polca.  
12.<sup>a</sup> Contaballa tamen as suas penas  
Pra que Cubiro mais se conheces  
Com poder alto, aunque pequenas  
Xunta as proprias as xuzgas  
Luz em terna no ~~luminosa~~  
Estaba pelo rec' destinado  
E chorava e' teu lado  
A minha mala sorte; He dona  
Vivome c'co' pendo alguandiz  
Coser alegre as suas verdes faldas  
Vivome engalando co as geomalias  
De condinas e' flor com que sobia  
A minha dulce amante  
Premiar garrido o meu amor constante.  
13.<sup>a</sup> Fho alguma entoncos su men abracos  
Quon premissa, non, o' posat duco  
Tero, ay! su manto escuro

Não tardou eu tendente no marinha  
 Marchou a gloria minha  
 De uma atida a foy o hermoza da  
 Flama dulca, especiosa vana!  
 Não vou halibo mais praez para mim no foz  
 Estimo contente que me opora  
 É o que do meu pezar ainda me saua  
 É o dulca deschoyo  
 Com um companheiro do meu triza foy.  
 11.<sup>o</sup> E tu d'outra parte neste estado  
 Lucas que no mundo solo é triza gente  
 É fiza tal pezo de desesperado?  
 Fica que impio a fuzta solida  
 E que o gran dia inda  
 Abito das fortunas e das vidas  
 Como se nona fuzta  
 Vahastente contra morte suspiramos?  
 Praes que tamem nos fuzta nos morramos?  
 Vite em ti caro amigo, sobre a vida  
 Lue a vida na o' albor da mancia  
 A vida dulca chora pronto vamo  
 A opora de fuzta  
 E nunca por mais nos separamos.  
 12.<sup>o</sup> Tu os meus pezos aliviando  
 Sou consolado se tuas ~~pezas~~ <sup>pezas</sup>  
 Abundancia a vida vamo dando  
 Faremos do d'outra parte mais pezas

Las ilicías amantes  
De agradable amor, será un día  
Luz con ternura alegres  
E con lagrimas dulces sus sentidas  
Me digas ya si fué a desventura  
Si tal vez renace de entre si dolores  
Con amores non recobro amores  
E si nunca aplico ya non teñen curar  
Vente, Belmoro, vauos  
Non ser feliceis, querido, ¿Luc tardamos?  
Há ya por fin sea qual yolle tempestades  
Si tal vez da amizade se intervinis  
Recobro aquella almas e teu repouso  
E te sempre a consolar meo  
Louvame respondis,  
Louvame logo de estar non negros  
Xa que solo tu me alegras  
Lava e o teu vanto amizade tanta  
Sacha e meu coracon; e si está tanta  
Pulcra a veus e dolor amores  
Con amores impiar vem qual torna  
Alimento e meu valor, e se quebranta  
Sta negra cada  
Xa te sigo, os meos, vauos a aldeia  
Há de bellantas estrellas pa se form  
Dei com que alborocari se consalau  
E as flores que e' Jéhu casse troua  
De orculo as rubas portas parquembau.

7120 -

Alguns relatabam  
Complauder primos e amigas  
Ballaban as gatinas  
Que o reino um ardele fixera  
E o grande rio com margens rocosas  
Bramando a los parrucos reflectia  
A este Augusto expectando se erguia  
Vista alma boa dia o cristo da terra  
Fido a Dio annunciaba  
Filo as suas grandezas perdurava  
19.<sup>o</sup>... Canto dos seus brancos egarados  
De sua casa iban os amigos  
Clante a se abem parturatos  
Do seu voto de por favor terigo  
Trabalho e trigo  
E mar, as rocas, e natura toda,  
No da regata gada  
Do templo patio a punta deissava  
A esta vista e seus ollos delectava  
Lagrimas de dolor e de ternura  
E as idas do bem, e da amargura  
No seu peito aun non sans a eucantava  
E o fin a aldeia vivon  
Lutavam nella e sempre en par vivon

19... Don de bondade, ceo, amada guerra  
Que andades e pavor de esta vida  
;Case enches e menço de dulçura!  
Canto nos meus dolores me he queceda!  
Por sempre obedida  
Mas do coracao que padeciam  
Por que cusi por taberam  
Embaldado cea ouros, e outras conta  
Para a morte e a seu fogo violento,  
Que tras as almas tras solo males  
E da bondade e gestos celestiales  
Dize lugar ha sempre sentimento.

Nem do mundo um bon amigo um amigo  
Né aqui a felicidade ha tanta!





## SUMARIO

5

LIMIAR

POR RAMÓN VILLARES

13

NOTAS PARA UNHA EDICIÓN CRÍTICA DA  
«ÉGLOGA DE BELMIRO E BENIGNO»

POR XOSÉ M.<sup>a</sup> ÁLVAREZ BLÁZQUEZ


27

FACSIMILE DO MANUSCRITO AUTÓGRAFO  
DE NICOMEDES PASTOR DÍAZ



ESTE LIBRO ACABOUSE DE IMPRIMIR  
EN MAIO DE 2008, ANO DE  
ÁLVAREZ BLÁZQUEZ  
E NO QUE SE CONMEMORA O  
XXV ANIVERSARIO DA CREACIÓN  
DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA







POESIAS GALEGAS







NICOMEDES PASTOR DIAZ  
POESIAS GALEGAS

EGLOGA  
DE BELMIRO E BENIGNO  
A ALBORADA

LIMAR DE X. M.<sup>A</sup> ALVAREZ BLAZQUEZ

ILUSTRACIONES DE X. SESTO

EDICIONS MONTERREY

VIGO - MCMLI

Imprimíronse deste libro 313  
exemplares; 13 siñados coas letras  
A-L, non venales, en papel de fío  
especial Guarro; os outros nume-  
rados do 1 ó 300, para a venda, en  
papel verxurado da mesma marca.

Exemprar n.º

# L I M I A R

*Ao levar ô prelo iste libro das poesías galegas de Pastor Díaz, móvenos o degaro de publicar a sua obra conecida na fala materna; obra co-a que, de certo, escomenza unha era nova na lírica galega. Se isto foi eisi denantes de oxe, cando tan soio sabiamos da páxina antolóxica de A ALBORADA, con mais razón acontecerá de agora en diante, trais do noso descubrimento da EGLOGA DE BELMIRO E BENIGNO.*

*Se dixéramos que foi a casoalidade a que nos puxo nas mans a fermosa EGLOGA, que damos â imprenta, certo é que teríamos feito unha homil-*

*dosa confesión, pero non diríamos máis que media verdade. Pois ao azar do alcontro téñese de engadir ise vivo anxeio de esculcar, antre os vellos libros e papés que adoito manexamos, rastos e lembranzas, por miudos que señan, da literatura, da historia, dos feitos e dos homes de Galicia.*

*A tal foi que, cando hai meses, revolvendo un mazo de antergos manuscritos poéticos, os nosos ollos toparon co-a EGLOGA DE BELMIRO E BENIGNO, xa o espírito se tiña adiantado, adiviñádoa. Dempois, a demorada, paseniña lectura tróuxonos a ledicia de sabere que tiñamos diante de nós unha belida e única amosa da lírica galega de comenzos do século XIX, que ben merecía estudo agarimoso, pra tratar de pescudar quén fose o seu autor. Dende o primeiro intre, tanto ao noso compañeiro Luis Viñas Cortegoso—que con nósco partillara a emozón do hachado—coma a nós mesmos, un nome senlleiro víunos ás mentes; nome esgrevio no longo campo das letras hispánicas, persoeiro do señardoso espírito céltico e adiantado do romantismo peninsular: Nicomedes Pastor Díaz Corbelle.*

*O autor da EGLOGA é, sen dúbida algunha, un romántico. Mais un romántico de formazón humanista e gosto crásico, no que o senso pictórico e lumioso das imaxes contrapónse adoito c-un sombrizo sentimento do amor e da vida. Ao par*

d-isto, a EGLOGA desenrólase n-un recanto ben demarcado da nosa terra: a bisbarra viveirense que rega o Landrove e bate o forte mar cántabro; onde medran as nogueiras e brúa o vento nos outos cons; onde a vide aínda trunfaba eglóxica nos anos mozos do poeta, que andaría ás noces pra fracer os rolís no San Martiño e xogar c-os seus compañeiros de brinquedos.

A paisaxe, os costumes, a fala, lévannos por forza á terra de Pastor Díaz, que tanto il amou e cantou. Teríamos de atopar, cousa que pescudamos sin conseguilo, outro poeta da terra de Viveiro de primeiros do século pasado, parello en todo co sentimento poético de Pastor Díaz, pra que o nome de iste poidese por un intre ser desbotado do noso pensamento.

Impúñase, pois, o cotexo co-as outras composicións do grande romántico, especialmente o seu único poema galego deica agora conecido: a fermosa ALBORADA, que sinala unha data anovadora na historia da nosa lírica. Isa comparanza é a que nós fixemos. Non tencioamos n-iste curto limiar esgotar as probas a prol de unha paternidade que, máis que con razóns, háse postular pol-a via certa da emozón e do sentimento. Arélamos somentes pôr ao leitor diante do probrema, pra que il xulgue con nosco das razóns que abundan nas nosas sospei-

*tas, presentadas apenas ao xeito de un sinxelo guieiro.*

A FALA. *Decontado topamos na EGLOGA abondosos castelanismos, que se ben pódense achacar á época, teñen n-íste caso un certo selo persoal, en todo acadante c-os castelanismos que esmaltan A ALBORADA: suspiro, dulce, hermosa, nunca, brillante, abrazo, alto, felicidad=quietud, etc., son verbas comúns ás dúas composicións. É conta que pra nós teñen engado poético istas eispresivas voces casteláns que o cantor enxergue nos seus versos, cicais máis de intento do que se coide: lágrimas, estrelas, cores, serenos, dolor, etc., dí tamén ás vegadas, ao par das suas equivalentes galegas, e cando non señan sabido descoido, hánse de tomar coma valedeiro recurso pra encher o verso ou terminar da rima.*

*En troques, as verbas i-as eispresións enxebres xurden a eito, e levan o sinal certo da abuída fonte luguesa: gado, maos, garrido, aganchar, cando a min, me hei de ir eu, cuitelo, nosoutros, qués, mañaíña, che eu nacera, case, etc. Eis dous versos parellos, no fondo e na forma, por dar somentes un exemplo:*

Case salta a alma miña

*(Alborada).*

Case enches o meu peito de dulzuras

*(Egloga).*

A PAIXAXE. *Moito teríamos de falar encol dos elementos paisaxísticos comúns aos dous poemas, mais podémonos cinguir aos temas centraes do mencer, o mar, a aldea i-o río.*

O mencer:

«Agora qu'a alborada  
os dulces paxariños xa cantaron,  
e da fresca orballada  
n'as perlas os ramiños se pintaron...»

(Alborada)

«As brillantes estrelas xa se foran  
dos ceos que alborearse comenzaban  
.....  
Alegres saludaban  
o resplandor primeiro as aveciñas;  
brillaban as gotiñas  
que o rocío nos árboles fixera...»

(Egloga)

O mar:

*Verdadeiro persoaxe central na poética de Pastor Díaz, a presenza do mar ten sempre n-ela unha característica vital, aitiva, humanizada.*

«Cando sentado en unhas altas penas  
que o mar batía con feroz ruxido  
.....  
Xa tamén revolcándose na area,  
das suas báguas empapada e chea,  
xa ás rocas lles contaba os seus amores...»

(Egloga)

«Verásme aquí cantando,  
xunto estas augas craras, estas penas,  
verásme aquí agardando...»

(Alborada)

«E xuntádeme á miña compañeira,  
augas que combatides a ribeira».

(Egloga)

A aldea:

*Nos dous poemas amósase o poboado n-unhas  
sinxelas liñas de forte trazo descritivo: a beiramar  
e os outos campanarios.*

«¿Dormes, e resplandecen  
os campanarios altos da mariña?»

(Alborada).

«Pero, ¡ay! seu manto oscuro  
non tardóu en tenderse na mariña  
.....  
Xa da cúpula goda  
do templo patrio a punta divisaron»

(Egloga)

O río:

*Outro constante elemento, de emotiva raigaña  
lírica, cicais menos vivo, pero máis entranabre e  
saudoso que o mar, o río Landrove aparece na  
poesía de Pastor Díaz, cuasique deificado, ao xeito  
da mítica crásica. Non é afoutado estabrecer que  
os seus millores poemas son, aquiles nos que soa  
o nome do río amado.*



«Eu cantarei aquí mentras que dormes.  
Ay, qu'o Landro brillante  
non é dourado Taxo; nin o Tormes...»  
(Alborada).

«Nas ribeiras amenas  
do apacible Landrove virá un día...»  
(Egloga)

*Pero, a máis d-istas comúns notas descritivas, nas que a presenza do río, da mariña, das areas, das augas e penas ten unha forza demostrativa da meirande valía, hai na paisaxe das dúas composicións uns lóstregos eispresivos, de non doado apreixamento, que nos firen co-a súa nídia lumiosidade, e que constituíen un dos máis persoales acentos do romántico viveirense. Non son somentes os crístaes briladores do mencer, os respradores do sol i-o escintilar do orballo, senón tamen os reflexos do luar e das estrelas, os roibéns do solpôr e aínda a mesma metálica lumiosidade das augas na noite; notas todas de luz que arreo Eboutan n-ístes versos. E non poderemos esquecer que a EGLOGA remata tamén n-unha alborada, onde o xogo de luces e côres xurde coma d-unha paleta común.*

O SENTIMENTO. *A eisaltazón romántica da EGLOGA se non pode xustificarse sin máis coma un fenómeno do tempo, pois, aparte o seu temperán agromar, n-un intre en que aínda non constituíra*

*doenza xeral, ten o noso poeta unha voz ma-  
durecida pra o desespero i-a dôr, sen fallas de  
retórica vã, que trai a nós algo da voz eterna  
da natureza.*

«Cuando hice resonar mi voz primera  
fué en una noche tormentosa y fría:  
un peñón de la cántabra ribera  
de asiento me servía.  
El aquilón silbaba;  
la playa y la campiña estaban solas;  
y el Océano rugidor sus olas  
a mis pies estrellaba». (1)

«Oí por las cabañas de esta orilla  
mil repetidas quejas elevarse;  
al pastor lamentarse,  
al pescador gritar en su barquilla  
y en sus alas el viento  
prolongaba el tristísimo lamento». (2)

*É o mesmo coro tráxico do vento e do mar que  
fai compañía a Belmiro no seu lairse adoecido,  
n-unha paisaxe de cons e ondas, vento e penedías,  
arrodeando ao pastor que chora na cabana i-ao  
pescador que berra loitando na flebe barquiña.  
Constante temática que a EGLOGA DE BELMIRO E  
BENIGNO, representa de xeito exemplar.*

RETORICA. *Unha retórica nidiamente román-  
tica na adxetivación e un emprego abondoso de  
cultismos de nacemento crásico, son tamén notas  
comúns a A ALBORADA i-a EGLOGA: lúgubres*

cadena; ondas resonantes; plácida quietud mansa; rosales pomposos; prenda amante, (*Alborada*). Maxestad severa; augusto espectáculo; feroz ruxido; fracos despojos; morte apetecida; con corazón amante, as suas prendas... (*Egloga*).

Mais lustrosa que a Luna; mais diviña que a diosa de Citera; Venus pra min amante... (*Alborada*). Que ô gran Dios irrite; que o Febeo carro doran; o ser eterno; natura toda... (*Egloga*). *N-un e outro poema fálase de coroar a testa namorada con guirlandas de frores.*

A FORMA. *Derradeiramentes, non podemos esquencer n-íste rápido eisame a chamativa semellanza formal de ambas composicións, de tal xeito que ben se poden lér unha tras da outra sen que se descompoña a crara unidade estilística e formal. Os dous poemas están eispresados n-unha técnica común, onde se alternan os endecasílabos i-eptasílabos, nos que o xogo de consoantes sigue parellas. Son formas cultivadas pol-o autor, que tamén soupo empregalas con xusteza en castelán. Mais eiquí a música silandeira que envolve os versos, o peculiar son interno que cada cantor ten pra sí, amosa ás craras unha única mente creadora, un mesmo ouvido poético, unha parella inspiración.*

*E non remataremos sen declarar as nosas sospeitas de que o manuscrito da EGLOGA DE*

BELMIRO E BENIGNO seña autógrafo de Paſtor Díaz. Poidémolo cotexar con outros escritos do poeta viveirense, se ben ístes daten de vinte ou mais anos dempois, e o análise demorado da escritura, desbotados os rastos da natural evoluzón da grafía, revela indubidabres identidades, nas que non é do caso deterse moito agora. Rasgos persoalísimos repítense n-un e outros escritos, e tamén eiquí o «estilo» presenta o selo inconfundible da individualidade. Nas dúas escrituras aparecen repetidos os mesmos abondosos recursos maxinativos: tres tipos diferentes da *d*, outros tres da *s*, —un *d*-eles de longo trazo baixo, moi persoal—, dous da *r*, etc.; o fino e tendido pau da *t*, a crara semellanza das maiúsculas, a incrinazón e trazo delgado da letra, etc., acadan de xeito demostrativo.

Coidamos, pois, que a EGLOGA DE BELMIRO E BENIGNO é obra orixinal de Paſtor Díaz. Obra de mocidade, cicais denanterior á propia ALBORADA, e que dataremos nos seus anos de estudante en Compostela, n-un período que escorre antre 1826 e 1828. O manuscrito parez copia feita con pouco lecer, coma destinada a algún compañeiro de estudos, que se contaría antre o grande número de personas, que por afición, por curiosidad ó por cortesía me piden copias de mis versos. <sup>(3)</sup> E hou-

bo, precisamente, dous compañeiros do poeta, Francisco Xavier e Xosé Parceró Blanco, lugueses como él, que estudaron en Sant-Yago antre 1826 e 1833, e levan o apelido da casa onde o manuscrito nos foi donado.

Os críticos, os eruditos e os biógrafos de Pastor Díaz terán agora de xuntar aos nosos os seus esforzos, pra que conquiramos a confirmazón da paternidade que nos atribuímos á EGLOGA. Pol-o pronto, gradescemos dende eiquí as suas alentadoras aportacións a Francisco Leal Insua, Fermín Bouza Brey e Francisco Fernández del Riego, que con afervoadada e unánime dilixencia compartiron dende o primeiro intre o noso pensamento. Pensamento que é a seguranza de termos atopado c-unha páxina inédita do grande precursor galego do Romantismo peninsular, facéndose eisi realidade as sospeitas de Eladio Rodríguez e de Couceiro Freijomil <sup>(4)</sup> de que Pastor Díaz adicara na sua mocidade amoroso culto á fala nativa, da que o afastaran logo as inquedanzas e atafegos políticos. Ben pode non ser ista a derradeira mostra do xenio poético de Pastor Díaz que seña dado aínda arrincar do esquencimento; mais íla soia abondará pra nos probar que non foi A ALBORADA froito venturiero e isolado da sua amante adicación á terra. Tiña de ser eisi en quén, falando dos seus

*versos, dixera dempois, tal coma se tivese presente na lembranza o cabal contido emocioal da*  
*EGLOGA*: Esos cantos oscuros y olvidados son de Galicia. Esas inspiraciones son de mi país natal. Las llevé de aquí. Son de éstos campos, de éstas riberas, de éstas playas: son de las amistades de mi infancia, de los amores de mi adolescencia: son de las imágenes de éste suelo de flores: de las emanaciones fragantes de esta tierra bendecida. <sup>(5)</sup>

EGLOGA

DE

BELMIRO E BENIGNO

Das ribeiras amenas  
Do apacible Landrohe, virá un día  
Que con terra alegrias  
E con lagarros dulces sin troitos  
Me digas xa se foi a' desventuras  
Se calma renace de entre os dolores  
Con amistas non necesito amores  
E as minas aplicoun xa non teñen curas  
Vente, Meluira, vamos,  
Ater ser feliz, querido, ¿Que tardamos?  
16<sup>o</sup> Xa por fin no quel golfo tempestuoso  
A calma da amista se introduciu  
Recobrada aquela alma o seu reposo  
E do amigo o consello acedia  
Levame respondia,  
Levame logo de estas raras negras  
Xa que só tu me alegras  
Leva o' sitio donde amista tanta  
Encha o' meu corazón; e' o' estado tanto  
Dulceura o' veces o' dolor asoma  
Con mutuo suspirar veras qual torna  
Aumento o' meu valor, e' se quebranta





# I

Xa por detrás dos montes se escondía  
O rubo pai da luz en carro de ouro;  
De nubarrós o ceo se cubría,  
Tendía a noite ô lexos manto mouro,

Enterraba o Tesouro  
O avaro gardador, medio as escuras,  
E pol-as espesuras  
Xa non cantaban ledos paxariños;  
As ovellas, balando co os filliños,  
Pra os curros dos lindeiros se escapaban;  
O traballo os paisanos xa deixaban  
Pra volver xunta as mais dos seus neniños,  
E os barcos preparando  
Pr-o mar o mariñeiro iba cantando.

## II

Cando sentado en unhas altas penas  
Que o mar batía con feroz ruxido,  
Ardendo en lume vivo as suas venas,  
Centellándolle os ollos encendidos,  
Xamáis adormecidos,  
Belmiro, labrador, se lamentaba  
E os seus gritos alzaba  
Os ceos dos seus males causadores,

Contándolles ôs aires seus dolores.  
Xa tamén revolcándose na area,  
Das suas báguas empapada e éhea,  
Xa ás rocas lles contaba os seus amores,  
Xa o triste deliraba  
E en semexantes voces se expresaba:

### III

*BELMIRO*

¡Ai!, ¡nunca che eu nacera! ¡Ai!, ¡sorte dura!  
¡En mala hora a luz viron os meus ollos!  
Dade ô meu corpo blanda sepultura,  
Ondas que reventades nos escollos;  
Líbrame dos embrollos,  
Líbrame das desgracias de esta vida,

¡Ouh, morte apetecida!,  
E xuntádeme â miña compañeira,  
Augas que combatides a ribeira,  
Augas queridas, pois que fostes lousa  
Donde por sempre o meu amor repousa.  
Eu te vin espirar desde a monteira,  
¡Xulia miña querida!,  
Eu morrer te miréi, e teño vida.



#### IV

¿Aínda Belmiro triste ten alento?

¿Aínda fala, aínda xime, aínda chora?

¿Por qué non fun servir xa de sustento

Ós tragós peixes? ¿Por qué aínda agora

Tras da miña pastora  
Non me quero botar? Alma adorada,  
Xa máis n-esta morada  
Pasar non quero, non; xa nada teño,  
Nin campo, nin cabaña, gado ou leño.  
Xa o perdín todo; pois que te morriche,  
Perdíme a min tamén; pois pereciche  
Eu a seguirte vou, n-elo me empeño.  
Nas ondas ou nos toxos  
Logo abandonaréi fracos despoxos.



## V

Outros gritos e voces exhalaba,  
Tolo e sin sentimento, o bon Belmiro,  
E a noite, a máis andar, se adelantaba.  
E aínda non se fora ô seu retiro,  
Daba cada suspiro  
Que o máis duro a chorar se movería,  
Cando veu que corría  
Hacia él con gran pesa un compañeiro

Que, errante, estraviado, e sin sendeiro,  
Aganchaba os penedos con presteza.  
Ergueu Belmiro entonces a cabeza  
E, â escasa luz dos raios do luceiro,  
Conoceu a Benigno,  
Dos seus pesares confidente digno.

## VI

Como cando do alto d-un navío  
O seu país descubre o navegante  
Que pensara quedar no Polo frío,  
Qu'ô peito alegre salta, e aínda distante,  
Con corazón amante  
Ás suas prendas desde lonxe abraza,  
Así, de alegre traza,  
E ô tempo enternecido, o amigo vendo,

O llanto suspendeu, as maos erguendo.  
Estreitóuno no seo con dulzura  
Sin poderlle falar, qu'a desventura  
Embargáballe a voz; e así, detendo  
As báguas que asomaban,  
Os dous ternos amigos se abrazaban.

## VII

### *BENIGNO*

¿Qué fas aquí, Belmiro, meu querido?  
—Benigno dixo en fin—, ¿por qué fuxiche?  
¿Por qué deixache o vale máis garrido  
E entre as penas máis feras te metiche?  
¿Por qué, louco, escondiche  
Dos teus tristes amigos o consolo

E co-as bestas solo  
Te viñeche a vivir? ¿Qué che fixeron  
Na tua dulce patria?; ¿qué che deron,  
Que te fixo escapar das portas nosas  
Pra estas ribeiras feas e escabrosas  
Donde nunca contigo dar puideron?  
Vente, Belmiro, vente;  
Ven consolar á tua triste xente.



## VIII

Vente pr-a casa que te veu na cuna,  
Ven pra a porta en que tanto travescabas,  
Vente pra os campos donde festa algunha  
N-houbo compreta si é que tú n-estabas.

O rio en que pescabas,  
Cando a min, do setembro nas tardiñas;  
As olorosas viñas  
Que contento conmigo vindimache;  
As copudas nogueiras que aganchache  
Pra facer os rolís en San Martiño  
Ou pra pillar o descuidado niño:  
Todo en mútua tristeza sepultache.  
Todo a gritos te chama;  
Todo, Belmiro, a tua volta clama.



## IX

### *BELMIRO*

Deixa, Benigno, de aflixirme cesa  
—Belmiro suplicóu con fero acento—.  
¿Qué importa que na fraga espesa,  
Nas ondas ou nas lousas do convento  
Deixe do meu tormento  
As reliquias e o cárcel da alma miña?

Fuxo da patria miña  
Porque ningunha patria teño agora,  
Pois en ningunha está a miña pastora.  
¡Ai!, sí, amigo, xa se foi do mundo  
O rostro hermoso que non ten segundo.  
¿E dónde me hei de ir eu? ¿Mellor non fora  
Que no mar me tirases  
Ou con ese cuitelo me clavases?

## X

Clava este peito, quítame da terra  
E morreréi contento, pois recibo  
O máis precioso don que oxe me espera  
Das maos piedosas do mellor amigo.  
Non sea máis abrigo  
Do dolor máis acerbo este meu peito;  
Sea presto desfeito  
Este corpo, este barro: é terra impura.

Líbrame así, por Dios, da desventura  
De estar morrendo sempre; fire logo,  
Fire sin compasión, mata este fogo.  
Saca a miña razón de esta loucura...  
Axiña..., pronto..., clava.  
Clava..., ¿qué te detés?... ¡mátame!, ¡acaba...!

## XI

Decindo estas palabras, parecía  
Que do seu sitio os ollos lle saltaban.  
Suspiraba, choraba, enmudecía,  
E logo, enfurecido, se estancaban  
O llanto que brotaban  
Seus ollos cando estaba máis tranquilo.  
Sin poder resistilo,  
Choróu tamén de compasión Benigno

E ô amigo de mellor sorte digno  
Consolaba oficioso. Xa contando  
Da ausencia dél as novas, xa falando  
Da cabana, do campo, do moíño,  
Da sua alegre aldea,  
Calmaba de aquel ánimo a pelea.



## XII

Contáballe tamén as suas penas,  
Pra que Belmiro máis se consolase  
Co padecer alleo, aunque pequenas  
Xunta as propias as xuzgase.

BENIGNO

Que eu tamén me lamentase  
Estaba pol-o ceo destinado,  
E chorase ô teu lado  
A miña mala sorte—lle decía—.  
Víronme estos penedos algún día  
Correr alegre âs suas verdes faldas;  
Víronme engalanado co as guirnaldas  
De conchiñas e fror, con que solía  
A miña dulce amante  
Premiar garrido o meu amor constante.



### XIII

Todo alegría entonces no meu alborozo  
.....  
.....

Eu non previña, non, o pesar duro,  
Pero, ¡ai!, seu manto oscuro  
Non tardou en tenderse na mariña.  
Marchou a gloria miña,  
De esta aldea se foi a hermosa Ana.

¡Ilusión dulces, esperanza vana!  
Xa non houbo máis pracer pra min na Terra,  
E o único contento que me espera,  
E o que do meu pesar aínda me sana,  
E o dulce desahogo  
C-un compañeiro do meu triste fogo.

## XIV

E tú deixarme queres n-este estado.  
¿Qués que no mundo solo ô triste imite  
E siga tal proceder desesperado?  
¿Queres que impío a morte solicite  
E que ô gran Dios irrite,  
Arbitro das fortunas e das vidas,  
Porque as nosas queridas,  
Unha ausente, outra morta, suspiramos?

¿Qués que tamén nosoutros nos morramos?  
Volve en tí, caro amigo, volve axiña,  
Que asoma xa o albor da mañáña;  
Á nosa dulce choza pronto vamos,  
A espesura deixemos  
E nunca por máis nos separemos.

## XV

Tú os meus pesares aliviando  
E eu consolando as tuas rudas penas,  
Felicidad à vida vamos dando;  
Faremos as desgraças máis pequenas.  
Nas ribeiras amenas  
Do apacible Landrove, virá un día  
Que con terna alegría  
E con lágrimas dulces, sin tristura

Me digas: —Xa se foi a desventura,  
A calma renace de entre os dolores,  
Con amistad non necesito amores  
E as miñas aflicións xa teñen cura.  
Vente, Belmiro, vamos;  
Ven ser feliz, querido. ¿Qué tardamos?



## XVI

Xa por fin n-aquel golfo tempestuoso  
A calma da amistad se introducía;  
Recobraba aquela alma o seu reposo  
E do amigo ôs consellos acedía.

BELMIRO

Lévame—respondía—,  
Lévame logo de estas rocas negras,  
Xa que solo tú me alegras;  
Lévame ô sitio donde amistad santa  
Encha o meu corazón; e si entre tanta  
Dulzura a veces o dolor asoma,  
Con mútuo suspirar verás cuál toma  
Aumento o meu valor, e se quebranta  
Esta dura cadea.  
Xa te sigo; esa mao; vamos á aldea.



## XVII

As brillantes estrelas xa se foran  
Dos ceos que alborearse comenzaban,  
E as flores que o Febeo carro doran  
Do oriente as rubas portas franqueaban.  
Alegres saludaban  
O resplandor primeiro as aveciñas;  
Brillaban as gotiñas  
Que o rocío nos árboles fixera,

E o grande mar, con maxestad severa,  
Bramando, â luz primeira reflectía.  
A este augusto espectáculo se erguía  
Unha alma boa hacia o Criador da terra.  
Todo a Dios anunciaba,  
Todo as suas grandezas predicaba.

## XVIII

Cando dos seus braziños agarrados  
Ás suas casas iban os amigos,  
E diante o Ser eterno posternados,  
Dos seus votos de paz foron testigos  
Os árboles, os trigos,  
O mar, as rocas, e natura toda,  
Xa da cúpula goda  
Do templo patrio a punta divisaron.

A esta vista os seus ollos destilaron  
Lágrimas de dolor e de ternura  
E as ideas do ben e da amargura  
No seu peito aún non sano se encontraron.  
E, en fin, a aldea viron,  
Entraron n-ela e sempre en paz viviron.



## XIX

Don do bondoso ceo, amizade pura  
Que endulzas os pesares de esta vida,  
¡Case enches o meu seo de dulzura!  
¡Cánto nos meus dolores me és querida!

Por sempre bendecida  
Seas dos corazós que padeceron,  
E os que en tí paz tiveron  
Ensálcente cen veces e outras cento;  
Fuxa amor e o seu fogo violento,  
Que trai ás almas boas solo males,  
E da amistad os goces celestiales  
Deixe lugar tan fero sentimento.

¡HOMES DO MUNDO, UN BON AMIGO, UN CAMPO:

HE AQUI A FELICIDAD BUSCADA TANTO!

A ALBORADA

sesta





# A A L B O R A D A

¡Ay miña pequeniña!  
¡Qu'ollos bonitos tés! ¡Qué brilladores!  
¡Case salta á alma miña,  
E vendo os teus colores,  
Ver me parece todos os amores!

Agora qu'á alborada  
Os dulces paxariños xa cantaron,  
E da fresca orballada,  
N'as perlas os ramiños se pintaron,  
Agora, ¡qué diviños  
Brillarán os teus ollos cristaliños!

¡Ay! asoma esas luces,  
Asoma á esa ventana, miña hermosa,  
Tú que sempre reluces  
Con elas máis lustrosa  
Qu'á Luna, cando nace silenciosa.

Verásme aquí cantando,  
Xunto estas augas craras, estas penhas,  
Verásme aquí agardando  
Que se rompan as lúgubres cadenas  
D'a noite que m'aparta  
De quén nunca á alma miña se véu farta.

Mírame, sí, querida,  
Cando d'o blando sono te levantes,  
Mais fresca, é mais garrida  
Qu'estas frores fragantes,  
Qu'a espuma d'estas ondas resonantes.

¿E aínda non parecen  
Eses olliños teus? ¿Dormes rosíña?  
¿Dormes, é resplandecen  
Os campanarios altos d'a mariña?  
¿Aínda non oíche  
Aquela dulce voz que m'aprendiche?

¿Deixasme qu' aquí solo  
Á as augas lles dirixa os meus acentos,  
É non véas ao meu colo  
Fartarme de contentos,  
É amante aproveitar estes momentos?

Desd' aquí vexo os mares  
Serenos, estenderse alá no ceo;  
Oio d' aquí os cantares  
Da pílara fugáz, d'o merlo feo;  
Pero o teu sono lindo  
Non o vexo, meu bén, qu'estás durmindo.

Xa se foi o luceiro;  
Desperta d'esa cama, miña rosa;  
Desperta, é ven primeiro  
Abrir a venturosa  
Ventana d'o teu carto: ven graciosa.

Sál como sempre sales,  
Máis diviña qu'á diosa de Citera  
Salindo dos cristales,  
Mais galana qu'á leda primavera  
Esparcindo rosales:  
Venus pra min, amante,  
Primavera, mañán, é fror fragante.

Xa te vexo salindo  
Mirarme, é retirarte avergonzada,  
¿É de quen vás fuxindo  
Tontiña arrebatada?  
¿Do teu amor que canta n'a enramada?

Non fuxas, non, querida;  
Ven aquí: baixa á escala sin temores:  
Esa frente garrida  
A miña man á cubrirá de frores;  
Xa as teño aquí xuntiñas;  
¡Qué venturosas son! ¡Qué bonitiñas!

Ven despeinada aínda  
Darme ó primeiro abrazo, darm'á vida.  
¡Canto es así máis linda!  
Ven qu'á mañán frorida  
Solo pr'os que se queren foi nacida.

Non, non, durme, descansa,  
Naide turbe ó reposo d'o teu peito:  
Plácida quietud mansa  
Sin cesar vele ó téu hermoso leito:  
Durme, que non tés penas,  
É acaso en min soñando te enaxenas.

Reposen os teus ollos,  
Eses ollos diviños, venenosos:  
Tamén finos cogollos  
N'os rosales pomposos  
Agardan por abrirse recelosos.

Sí, miña prenda amante:  
Eu cantarei aquí mentras que dormes.  
¡Ay qu'o Landro brillante  
Non é dourado Taxo; nin ó Tormes  
Alinda ó meu retiro!  
Durme, sí, durme, mentras qu'eu suspiro.

Mayo 11 de 1828.



## N O T A S

### L I M I A R

- (1) *Mi inspiración, Obras Completas*. T. II. Madrid, Manuel Tellado, 1868.
- (2) *Al Silencio*.—Ibidem.
- (3) *Prólogo a Poesías*.—1.<sup>a</sup> ed., Madrid, 1840.
- (4) ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ: *Paŝtor Díaz en la poesía y en la literatura gallega (Boletín de la Real Academia Gallega*.—Nos. 155-156.—Coruña, Octubre 1923).  
ANTONIO COUCEIRO FREIJOMIL: *El idioma gallego*.—Barcelona, 1935.
- (5) *Dircurso* pronunciado en 1846 no Liceo da Cruña. Pubricóuse no *Boletín de la Real Academia Gallega*. T. V. pp. 37-43.

### E G L O G A

No manuscrito o título reza: EGLOGA / BELMIRO Y BENIGNO.

Na transcripción adoptamos a ortografía moderna e asemade modificamos no preciso a puntuación.

No orixinal a numeración das estrofas está feita con cifras alarbias.

Hai no manuscrito algúns craros erros de copia, coma resultantes da presa con que debeu ser feita, e da que dan testemuña algunhas tachaduras e enmendas, que nos afoutamos a correxir. Son os seguintes :

Estr. II, v. 14: «exprecaba». Estr. IV, v. 11; «pois que». Estr. VIII, v. 4: «non houbo... non estabas»; v. 13: «clama». Estr. XII, v. 3: «con pader». Estr. XIII: O primeiro verso é defeitoso, e fallan outros dous ao comén, pois fica a rima solta e non conta a estrofa máis que 12 versos. O mais doado é que «no meu alborozo» perteza ao terceiro verso, por un salto na copia. Sin pretensións de restituir a estrofa, senón coma exempro acraratorio, coidamos que tería de ser algo eisi: «Todo alegría entonces, todo gozo—era naquel vivir ledo e seguro —, que crín eterno no meu alborozo.—Eu non previña, non, o pesar duro...»; v. 12: «con un». Estr. XIV, v. 2: «¿Queres». Estr. XV, v. 12: «xa non teñen». Estr. XVI, v. 8: «Leva o sitio». Estr. XIX, v. 4: «me he querida!»

Facemos figurar ao comén dos parlamentos os nomes dos pastores, non indicados de este xeito no orixinal.

O facsímil da páx. 2 foi tirado do manuscrito.

## ALBORADA

Tomamos fidelmente iste poema da ed. das *Obras Completas* de Pañtor Diaz (Madrid; 1868). Fora dada á luz no *Museo* no ano 1828 e recollida logo no tomo de *Poesías*, de 1840. Con algunhas variantes, figura nas antoloxías, e foi asemade reproducida moitas vegadas en revistas e xornaes. Coma obra que o autor destinou ao público, cicais mostre un meirande coidado no léisico que a EGLOGA.



## COLOFÓN





REMATÓUSE DE IMPRENTAR  
NOS TALLERES PEÓN,  
DA CIDADE DE PONTEVEDRA,  
PRAZA DO TEUCRO 1, ISTE LIBRO DE  
*POESÍAS GALEGAS*  
NA SERÁN DO 23 DE SAN XOHÁN,  
ALOUMIÑADA VÉSPERA  
DO SANTO

